

O DEVALO LINGÜÍSTICO

Nova Escola Galega volve, unha vez máis, facer pública a súa preocupación pola situación que atravesamos a nosa lingua. Os datos que periodicamente reflicten o devalo social do noso idioma proxectan un escuro futuro, que compromete seriamente a súa vitalidade. Neste sentido, a última radiografía ofrecida polo IGE e as respostas políticas que se sucederon reclaman con urxencia unha reacción do conxunto da sociedade galega, se non quere ver esnaquizado o patrimonio que lle foi legado.

Non nos resignamos a crer que se trata dun proceso natural, inmune a accións reorientadoras. Moi ao contrario, son precisamente as complexas condicións dun contexto social marcado pola incidencia de estratexias globalizadoras sometidas aos rigores do neoliberalismo económico, as que reclaman políticas lingüísticas capaces de fortalecer a nosa lingua e proxectala cara ao futuro nun contexto de modernidade que se reclama multicultural e multilingüe.

Non podemos admitir que a resposta política fronte á perda de falantes descansa no cinismo constante de botar balóns fóra, negar a gravidade da situación ou seguir a estratexia da avestruz, agochando a cabeza nun furado.

Os usos lingüísticos da poboación máis nova, cada vez máis afastada do galego, non se explican exclusivamente pola perda da transmisión familiar do idioma, e mesmo esta, como ben se sabe, está condicionada pola supervivencia de enormes prexuízos sobre a utilidade da lingua, en desigual e inútil competencia co castelán e agora tamén co inglés. O presidente Feijoo responsabiliza as familias do devalo lingüístico, cando foi precisamente o seu goberno quen eliminou o exitoso programa das liñas en galego nas cidades -xusto alí onde os estudos sociolingüísticos xa indicaban que había que actuar- que contaba coa anuencia e implicación das familias, tan veneradas cando politicamente convén.

O discurso político do goberno conservador identificado cos sectores sociais máis negacionistas investiu toda a súa enerxía en lle dar pulo a unha argumentación destrutiva para a lingua, en troques de facer os necesarios esforzos para a súa normalización. Aínda que nesta segunda lexislatura o discurso temperouse, mesmo co recoñecemento puntual da situación de desvantaxe social para o galego, as políticas de austeridade seguen cebándose con todo aquilo que teña incidencia na normalización da nosa lingua: mingua de recursos no ensino, no campo editorial e, no seu conxunto, no ámbito cultural, persistindo a inacción e o desleixo á hora de potenciar o idioma e a cultura de noso.

Dez anos despois da aprobación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, o que podía ter sido unha folla de ruta que marcara vieiros normalizadores para os distintos ámbitos da vida social converteuse en papel mollado, unha referencia retórica nas declaracións institucionais e mesmo nas normas desde as que se aplican políticas que van na dirección contraria do texto acordado no Parlamento.

Nova Escola Galega lamenta que case de maneira permanente se proxecte a idea de que a lingua e a cultura do país son, por riba de todas as cousas, un problema e unha cuestión de trincheiras, provocando en moitos sectores da sociedade unha actitude contraria á que se precisa para abordar un profundo xiro na acción normalizadora. O cansazo e o conseguinte desleixo que se observa en sectores outrora normalizadores, ou cando menos sensibilizados, son un síntoma de esgotamento que non debemos desconsiderar. Cremos que cómpre unha fonda reflexión encamiñada á renovación das estratexias normalizadoras, para conseguirmos que a lingua e a cultura sexan percibidas como un herdo común, un campo de xogo para a

creación máis diversa, de xeito que haxa unha maioría social que se poida identificar coa súa defensa.

Sendo evidente que as políticas lingüísticas son un poderoso instrumento para a normalización, tamén o é que está nas mans da sociedade sancionar unhas políticas ou outras e, precisamente por tal motivo, cómpre repensar un labor de certa pedagogía social para descargar a lingua das moitas etiquetas e prexuízos cos que unha boa parte da cidadanía aínda a percibe.

Non imos deixar de reclamar a necesidade dunha planificación que, en clave de país e de futuro, convoque aos distintos sectores sociais nun pulo colectivo a prol da nosa lingua e da nosa cultura. Desde o ámbito da educación no que traballamos hai un inxente labor por facer, mesmo a pesar dos regresivos marcos legais nos que nos movemos. Na súa longa traxectoria **Nova Escola Galega** coñeceu situacións políticas e contextos normativos absolutamente contrarios á nosa arela normalizadora e, se cadra, o optimismo da vontade fíxonos pensar que o noso traballo teimudo e propositivo anticiparía uns tempos que non dan chegada. Alén das incómodas voltas da historia e do desgaste que podemos acusar, non entra nos nosos plans a renuncia ao traballo normalizador.

Segue a ser imprescindible reclamar e promover accións decididas na formación do profesorado, na creación de recursos educativos, nun traballo necesariamente máis apegado ás familias e ao conxunto da sociedade, e procurarmos sinerxías con sectores estratéxicos que poden axudar a cambiar as coordenadas desde as que se constrúen e proxectan as ideas sobre o idioma e a cultura.

Unha vez máis, a utopía segue prendida no horizonte e sérvenos para camiñar.

Santiago 31 de xaneiro de 2015.